

UN OLLO DE VIDRO



*Debaixo do humorismo bai sempre unha grande door;  
por iso no ceo non bai humoristas.*

Mark Twain



## UN OLLO DE VIDRO

Lector<sup>1</sup>:  
Certo día fitoume unha vaca. ¿Que coidará de min?, pensei eu; e naquel intre a vaca baixou a testa e siguiu comendo na herba. Agora xa sei que a vaca somentes dixo:

—Bo, total un home con anteollos.

E ó mellor eu non son máis que o que coidou a vaca. Velái a ledicia de pensar que cando a miña calivera estea ó descuberto xa non poderá xuzgarme ningunha vaca.

A morte non me arrepiá e o mal que desexo ó meu nemigo é que viva até sobrevivirse.

Eu son dos que estruchan a cara pra apalpa-la propia calivera e non fuxo dos cimenterios endexamais.

Tanto é así que teño<sup>2</sup> un amigo enterrador nun cimenterio de cibdade. Iste meu amigo non é, de certo, amigo meu; é

1. Desta primeira obra Castelao anticipa case a totalidade na conferencia *HDC* (1920). Reproducirase en *ANT* o 31 de marzo dese mesmo ano, antes de se dar a coñecer como *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* na editorial Céltega de Ferrol en 1922. A confrontación de ambos os textos permite observar importantes diferencias. Do manuscrito autógrafo, cedido por R. Villar Ponte á Real Academia Galega e publicado en 1961 por esta mesma institución, a penas rexistramos variantes. Poucas variantes —fundamentalmente ortográficas— coñecemos dunha posterior edición en fascículos (números 26 ó 32) aparecida na revista *Céltega* de Bos Aires en 1926.

2. Tanto é así que teño] Eu teño, *ANT*. [Aquí comeza —baixo o epígrafe “Humorismo”— a primeira parte da conferencia de Castelao “Humorismo.”

somentes<sup>3</sup> un ouxeto de esperencia, un coelliño de Indias. Un enterrador sabe sempre moitas cousas e cóntaas con humorismo. Un enterrador de cibdade que dispe e descalza ós mortos pra surti-las tendas<sup>4</sup> de roupa vella, ten de sere home que lle cómpre a un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caliveras tiña de sere meu amigo.

Iste enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepián, e coas sorpresas da súa conversa fuxen as horas sen decatarme.

Boeno; o conto foi que un día<sup>5</sup> collín o camiño do cemeterio<sup>6</sup> e atopei ó enterrador un pouquiño non sei cómo, e dispois de falarmos moito díxome que tiña de contarme<sup>7</sup> en segredo unha cousa, sempre que eu fose home de ben e amigo leal. Eu fiquei un pouco encorado polo medo á sorpresa descoñecida e, dispois de collerme polo ombreiro e arrechegarme os seus beizos podres á miña orella, díxome paseniñamente:

—¡Atopei uns papeles nunha caixa...! Nunha caixa que non sei de quen sería<sup>8</sup>. O esquelete tiña na calivera un ollo de vidro que me fitaba con senreira<sup>9</sup>.

E o enterrador sacou de a rentes do coiro uns papeles enrugados<sup>10</sup>. O enterrador non sabía<sup>11</sup> ler e doumos a min pra que llos lese. Eran cachos de periódico, papeles de fumar...<sup>12</sup>

Dibuxo humorístico. Caricatura" con motivo da exposición do álbum *Nós* publicada en *ANTJ*.

3. somentes] somente, *ANT*, *RAG*.

4. surti-las tendas] enche-las tendas, *ANT*, *RAG*.

5. un día] certo día, *ANT*, *RAG*.

6. collín o camiño do cemeterio] collín cara ó cemeterio, *ANT*, *RAG*.

7. tiña de contarme] me tiña que contar, *ANT*/ me tiña de contar, *RAG*.

8. sería] será, *ANT*.

9. senreira] remeira... e na man tiña istes papeles..., *ANT*/ senreira, *RAG*.

10. enrugados] encuzados, *ANT*/ enrugados, *RAG*.

11. sabía] sabe, *ANT*, *RAG*.

12. de periódico, papeles de fumar...] de periódicos e papeles de fumar, *ANT*, *RAG*.



O ENTERRADOR, MEU AMIGO

todos numerados, e no primeiro campaban istas verbas: “Memorias dun esquelete”.

Aquela letra era traballosa de ler i estaba feita cun garabullo<sup>13</sup>.

Cando rematei a leutura xa escomenzara o antre fusco e lusco e o enterrador, moi amocado, xurou que se non fose por Deus ññase<sup>14</sup> ó esquelete i escacháballe a calivera cun sacho.

13. En *ANT*, *RAG* engádese: “A tinta non sei o que sería nin quixen decartarme do que poidera sere”.

14. Deus ññase] Deos ñña, *ANT*, *RAG*.

Despedinme dil e cando xa iña pola estrada, camiño da cidade, oín que me chamaba<sup>15</sup> dende a porta do cemeterio.

—¡Oia, veña acó!

E dispois quedíño e moi solerminamente deitoume na orella ista pregunta<sup>16</sup>:

—Vostede, que é médico, ¿non sabería onde mercan ollos de vidro?

E por catro cartos fíxenme dono do ollo de vidro e das memorias<sup>17</sup>.

As memorias do esquelete é o que ides a ler<sup>18</sup>. Escoitade, pois, a un home do outro mundo, pregándovos por adiantado que non me fagades solidario das súas ideas<sup>19</sup>.

15. que me chamaba] que chamaba a berros, *ANT*; *RAG*.

16. E dispois quedíño e moi solerminamente deitoume na orella ista pregunta] E dispois quedíño e moi solerminamente, *ANT*; *RAG*.

17. E por catro cartos fíxenme dono do ollo de vidro e das memorias] en *ANT* non figura. Por un peso trouxen pra a casa, ademáis dos papeles, a calivera e o ollo de vidro, *RAG*.

18. ides a ler] vos vou ler, *ANT*; *RAG*.

19. En *ANT*, *RAG* engádese: Alá vai.



## MEMORIAS DUN ESQUELETE

**E**u nascín<sup>20</sup>, medrei e fíxenme home, e un bo día enfermóuseme un ollo. Fun aos médicos e lambéronme unha manchada de cartos e no remate de contas o ollo sandar sandou, pero quedoume grolo. Por aquel tempo tiña<sup>21</sup> un galo tan amante que viña comer na miña man. Chamáballe Tenorio.

Un día estando<sup>22</sup> eu agachado cos graos<sup>23</sup> de millo na cunca das maus<sup>24</sup>, veuse<sup>25</sup> cara min, paseniñamente, tripando a terra con aquel de señorón fidalgo<sup>26</sup>. Plántase diante de min, ergue o pescozo pra fitar de perto, cicais bulronamente, aquel meu malfadado ollo grolo e, cavilando que sería cousa de manxar, axeitoume un peteirazo tan ben dirixido que me deixou torto. Agora si, os médicos, dispois de lamberme<sup>27</sup> outra manchada de cartos, puxéronme un ollo de vidro, tan ben imitado que bulía e todo.

¡A cantas mulleres engaiolei chiscándolles<sup>28</sup> o ollo de vidro...!

20. nascín] nacín, *ANT*, *RAG*.

21. por aquel tempo tiña ] por aquil tempo tiña eu, *ANT*, *RAG*.

22. Un día estando] Estando, *ANT*, *RAG*.

23. graos] grans, *ANT*/graus, *RAG*.

24. maus] mans, *ANT*, *RAG*.

25. veuse] vense, *ANT*, *RAG*.

26. de señorón fidalgo] de señorón, *ANT*, *RAG*.

27. lamberme] labérenme, *ANT*, *RAG*.

28. chiscándolles] chuscándolles, *ANT*.

Morrín antre cobertores como morren a cotío os bos homes, e ben afeitado e ben peiteado e co meu traxe dos días de festa —que por certo levoumo o enterrador ó día seguinte de enterrarme<sup>29</sup>— fun pra debaixo dos terróns sen que ninguén se lembrase de quitarme o ollo de vidro.

Deitado na miña caixa de pino repousei moitísimos días, tantos que perdín a conta. Apodrecín axiña e aos poucos días de enterrado escomenzaron os vermes a faguerme cóchegas.

Cómpre decir<sup>30</sup> que eiquí non está permitido presentarse en sociedade con farrapos de carne fedenta apegados nos ósos, pois os esqueletes, que non ven nin comen, ulen tan ben coma os vivos; así foi<sup>31</sup> que namentres os vermes non manxaron a pouca freba que trouxen, non poden erguerme.

Foi unha noite de luar cando saín da cova por primeira vez. Traballiño custoume desentolle-las pernas e cando me erguín e botei a miña cachola<sup>32</sup> fóra da terra, fíquei pasmado... Aquel ollo de vidro que de nada me servira na vida sírveme agora pra mirar<sup>33</sup>.

Tolo de contento quitei o ollo, dinlle catro bicos e volvíno a pór no seu sitio.

Dun pulo brinquei da cova e fun cara ó rueiro dos<sup>34</sup> esqueletes.

Os esqueletes son tan parvos coma as persoas. Abonda decir que non pensan máis que en beilar.

Pra min tódolos esqueletes son o mesmo. Pásame niste mundo de ósos o que me pasaba no outro cos negros, que

29. o día seguinte de enterrarme] ó seguinte día de me enterrar, *ANT*/ó seguinte día de enterrarme, *RAG*.

30. decir] dicir, *ANT*, *RAG*.

31. así foi] así é, *ANT*, *RAG*.

32. cachola] calivera, *ANT*, *RAG*.

33. Aquel ollo de vidro que de nada me servira na vida sírveme agora pra mirar] Aquil ollo de vidro que me servira na vida máis que para non pasar por torto, sírveme agora para ver..., *ANT*, *RAG*.

34. dos] de, *ANT*, *RAG*.

todos parecíanme<sup>35</sup> iguais. En troques iles, antre si, coñéncense moi ben. Debe sere porque iles son cegos i eu vexo.

Farto de ollar aos meus compañeiros beilando coma se fosen osos<sup>36</sup> ao son da “Danza macabra” de Saint Saëns, afasteime do rueiro e reparei nun esquelete que estaba sentado nunha campa e que tiña a calivera ladeada (eispresión de tristura e melanconía niste mundo). Chegueime a il e fitei como na caixa dos cadriles tiña acochado un esquelete pequerrechiño. Axiña decateime que era un esquelete de muller e inquirín garimoso<sup>37</sup>:

—¿Será vostede<sup>38</sup> algunha muller das que mataron en Osera, Nebra ou Sofán?<sup>39</sup>

—Non, señor, non —respondeume—. ¡Eu morrín de tristura!<sup>40</sup>

Dispois reparei que nos ósos dos cadriles non tiña buraco<sup>41</sup> de bala.

—Moi fonda debeu sere a tristura<sup>42</sup> —díxenlle.

—Si, señor. Eu morrín namorada do home que apodrece debaixo desta pedra.

E ollando a pedra puden ler<sup>43</sup> un epitafio en verso castelán<sup>44</sup>, e pendurado da cruz ollei un retrato con marco<sup>45</sup> de

35. parecíanme] eran, *ANT, RAG*.

36. ollar aos meus compañeiros beilando coma se fosen osos ao son] velos beilar como osos ó son, *ANT, RAG*.

37. garimoso] agarimosamente, *ANT, RAG*.

38. ¿Será vostede] ¿Vostede será?, *ANT, RAG*.

39. Esta estampa de *UOV* refresca a experiencia vivida por Castelao como agrarista. Os tráxicos sucesos de Nebra, Oseira e Narón postos en boca do esqueleto xa foran tratados no álbum *Nós* (nos debuxos 1 e 10). O debuxo número 1 inspira o deseño da “namorada”. Podemos tamén confrontar este diálogo cos pés dos debuxos no diario *Galicia* de Vigo [número 144 (29-11-23) e número 285 (24-06-23)], *RAG*.

40. de tristura] dunha pena, *ANT, RAG*.

41. buraco] ningún buraco, *ANT, RAG*.

42. tristura] pena, *ANT, RAG*.

43. puden ler] lin, *ANT, RAG*.

44. verso castelán] verso, *ANT, RAG*.

45. ollei un retrato con marco] vin un retrato posto nun marco, *ANT*.

varilla dourada. Era un sarxento<sup>46</sup> de bigote arrichado fumando un puro con anilla.

Non quixen saber máis e funme deitar.

Nistes días hai moitos enterros. Non sei si haberá andacio, pois revolución non debe habela coa covardía que teñen os vivos. Cicais haxa folga de médicos, anque non coído que os médicos poidan evita-la mortandade<sup>47</sup>.

A carón de min enterraron un, e pra saír de dúbidas peteille na súa caixa.

—¿Hai andacio na cibdade?

—¡Eu que sei! —respondeume unha voz coma se saíse por unha boca chea de papas<sup>48</sup>. (Debe ter xa podre a lingua).

—¿E logo vostede non sabe de que morreu?

—¿Eu? ¡Eu pegueime un tiro!<sup>49</sup>

Déronme ganas de rir, pero non puđen. Os esqueletes non rin a cachón. O bandullo é a fonte da gargallada e sen bandullo non pode habere gargallada.

—¿E logo il haberá folga de médicos?

—Non hai folga, non; pois denantes de enterrarme, dous médicos arremangados coma dous cortadores abríronme a cachola<sup>50</sup> cun serrón<sup>51</sup>.

Perto de min repousa un zapateiro. Contoume as súas coitas nun tono menor.

—Eu tiña unha voz de trono, unha voz que metía medo de fonda que era, i en calidá de fenómeno entrei coma baixo

46. sarxento] mozo, *ANT*, *RAG*.

47. evita-la mortandade] influír na mortandade, *ANT*, *RAG*.

48. coma se saise por unha boca chea de papas] coma de home que tivese a boca chea de papas, *ANT*, *RAG*.

49. ¿Eu? ¡Eu pegueime un tiro!] ¡Eu pegueime un tiro!, *ANT*, *RAG*.

50. dous médicos arremangados coma dous cortadores abríronme] un médico arremangado abríume, *ANT*, *RAG*.

51. En *ANT*, *RAG* engádese á parte: “—Adeos, logo, compañeiro, e que apodrezas con felicidade”.

no orfeón; mais de alí a pouco de entrare o director díxome que desafinaba e tiveron o callo de botarme fóra. Deus regalárame cunha gorxa e non me dera orella... Tan magoado fiquei que perdín a coor e os folgos pra o traballo, desganeime, enflaquecín e púxenme a morrer. Tódalas noites escoitaba os ensaios do orfeón acochadiño nas tebras da rúa, sospirando arreo coa ialma doída. A tristura foi estruchándome a caixa do peito e no derradeiro ensaio do orfeón fuxe a vida de min nun sospiro velaño.

O probe zapateiro morreu de saudade<sup>52</sup>.

Por mata-lo<sup>53</sup> tempo fun ó cimiterio civil. Alí non se beila; alí todo é serio. Cando entrei funme cara un fato de esqueletes que estaban escoitando a leria dunha calivera que tiña un buraco nunha sen (calivera de suicida moi século XIX)<sup>54</sup>. As súas verbas tiñaos a todos coa boca aberta; pero na médea hora que estiven escoitándoo nin tan siquera poden<sup>55</sup> apañar unha idea. Aquil suicida tiña un só ideal: a República.

Eu no mundo tamén fun un pouco republicano anque nunca pensei que a República fose dabondo pra gobernar Hespaña.

O que máis me fireu daquela xente foi que non quixesen falar galego, sabendo<sup>56</sup> que os esqueletes non poden falar ben o castelán. Non ten volta que darlle: sen gorxa non pode pronunciarse a “j” nin a “g” fortes<sup>57</sup>.

Oíndolles<sup>58</sup> decir que o progreso vai cara á unidade tomei a parola pra aclarar<sup>59</sup> que o progreso iña cara á harmonía e

52. Todo este episodio do zapateiro está ausente en *ANT*, *RAG*.

53. mata-lo] pasa-lo, *ANT*.

54. Toda esta paréntese non figura en *ANT*, *RAG*.

55. nin tan siquera poden] non poden tan siquera, *ANT*, *RAG*.

56. sabendo] aínda sabendo, *ANT*, *RAG*.

57. a “j” nin a “g” fortes] a “j” nin a “g”, *ANT*, *RAG*.

58. Oíndolles] Oíndo, *ANT*, *RAG*.

59. aclarar] dicir, *ANT*, *RAG*.



A DANZA

que se o progreso fose cara isa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por riba do progreso está a perfeución, e que nós, os galegos, por un desexo de perfeución e por unha dinidade que xa vai sendo dinidade persoal, non debíamos consentir<sup>60</sup> que na fala dos nosos avós se eispresase somentes<sup>61</sup> a incultura que lle debemos ó centralismo<sup>62</sup>.

Naquel intre esquecime que non era home nin suxeto de dereito. ¡Ai! Eu xa morrín e non son nada e aínda serei<sup>63</sup>

60. consentir] querer, *ANT, RAG*.

61. somentes] somente, *ANT, RAG*.

62. Castelao aproveita este discurso nacionalista para a conferencia de 1934 “O galeguismo no arte”. Neste discurso como na súa intervención como deputado a Cortes (1933) asenta a base de ser o idioma o alicerce da personalidade dun pobo, de xeito que a defensa das diferencias idiomáticas non supón unha postura universalista ou separatista, senón unha postura que favorece o progreso. No ano 1934 segue entendendo (cfr. as “Lerías do adro”) que en Galicia ser republicano a secas é non ser nada. Os republicanos auténticos terían que ser galeguistas.

63. serei] hei sere, *ANT, RAG*.

menos cando a terra me coma de todo. Comprendendo que era no mundo dos esqueletes, volvíñ a decir:

—¿Como queredes falar castelán se non tendes gorxa?

Aínda non rematara de ceibar a derradeira verba, cando un esquelete varudo<sup>64</sup> e forte, turrando por min, afastoume daquela xuntanza dicíndome<sup>65</sup>:

—Vostede facer mal falar con oitocentistas.

¡Era un inglés que falaba galego!<sup>66</sup>

Son moi amigo do inglés. Xuntos paseamos moitas veces. Onte saímos do cemiterio e fomos pola estrada falando de mil cousas; por certo que un mozo que iña tocando no acordeón un pasodoble flamenco, ó vernos, guindou co “escorrenta-porcos” (así lle chamaba eu cando vivía) e fuxeu coma un lóstrego. O inglés e mais eu choutábamos pra botar fóra a risa que tiñamos na ialma.

Voltándomos<sup>67</sup> ó cemiterio falamos da terra.

¡Moito falan da terra os vivos! Unha cousa é a terra e outra cousa é a paisaxe. Pra os vivos a terra é unha cousa ben fermosa por certo, pra os mortos a terra son as tebras. Eu penso que non morreríamos se a terra non precisase de nós pra botar herbiñas e floriñas e lucirse a conta dos apodrecidos<sup>68</sup>.

Seique foi María Guerrero<sup>69</sup> quen nun intre de cursilería e pra engaiolar a un fato de galegos papáns<sup>70</sup>, doulle un bico a unha manchada de terra galega. ¡Mellor fora que bicase a codia dun pino ou a tona dun carballo! A terra galega metida nunha

64. varudo] outo, *ANT*, *RAG*.

65. afastoume daquela xuntanza dicíndome] apartoume daquela xuntanza, *ANT*/afastoume daquela xuntanza, *RAG*.

66. A partir de aquí, tralo punto e á parte, engádesse en *ANT*, *RAG*: “Camiño da miña cova fun cavilando que ‘ser’ somente republicano é coma ter a ‘profesión’ de Diputado a Cortes”.

67. Voltándomos] Voltando, *ANT*, *RAG*.

68. botar herbiñas e floriñas e lucirse a conta dos apodrecidos] dar regalía ós que van nacendo. A terra quer cousas podres para botar herbiñas e floriñas e lucirse a conta dos apodrecidos, *ANT*, *RAG*.

69. Actriz española da época (1867-1928).

70. papáns] parvos, *ANT*, *RAG*.



A NAMORADA

ola é coma a terra castelán, poño por caso de comparanza. Os irmáns pinos e os irmáns carballos, que ha traga-la terra, ises si que son galegos.

Acabo de descubrir un gran defeuto no inglés. O descubrimento custoume unha fonda pena. Parece mentira que unha ialma tan ergueita e tan intelixente teña un humor tan pouco noble.

O inglés vén a buscar-me cuase que tódolos días á miña cova e, como eu son nugallán pra erguerme, il entretense falando e xogando co esquelete dun rapaciño que repousa cabo de min.

Ollade que clas de xogo entretiña ó inglés.

Dáballe un guindamazo na calivera ó rapaz e tiráballe con ela ó chan, e despois poñíase a choutar. O probe do esqueletiño cacheaba a tentas a calivera e despois poñíaa no seu sitio dicíndolle ó inglés:

—¿Que mal lle fixen eu? ¡Estéase quedo!



O inglés prometía estarse quedo e axiña volvía a guindarlle coa calivera ó probe esqueletriño. E así fixo moitas veces.

Eu cando tal reparei arrepciónme ó inglés, que me respondeu friamente:

—Min divertirme moito. Min sentir non ser<sup>71</sup> no outro mundo pra donar<sup>72</sup> ó rillote unha esterlina.

Os obreiros no mundo<sup>73</sup> queren as patacas baratas, os labregos queren a suba das patacas e hai homes que non viven das patacas. Eiquí as patacas non son problema ningún; mais polo que fomos no mundo respetive<sup>74</sup> ás patacas, dividímonos en dúas castes.

Hai no camposanto un “pataqueiro” que morreu de fame<sup>75</sup> e que hoxe ten mausoleu de mármore<sup>76</sup>. Foi home de gran merecemento na vida; mais agora é insoportábel en forza de coidar que non nacerá no mundo quen o aventaxe como poeta.

Outro esquelete de mausoleu de mármore foi un “americano” que, farto de engaiolar ós indios no<sup>77</sup> Chaco con adoas de vidro, morreu en arrecendor de santidade, deixando cartos pra escolas e hospitaes. O seu mausoleu ten no peruco de todo un símbolo da Caridade en figura de ama de cría. Iste filántropo aínda conserva<sup>78</sup> un bisoñé que me fai choutar coa<sup>79</sup> risa.

O filántropo e mailo poeta téñense<sup>80</sup> moita xenreira. O filántropo di que o poeta non fixo máis que “macanas” (supoño que quererá dicir versos). O poeta di que o filántropo

71. ser] estar, *ANT, RAG.*

72. donar] dar, *ANT, RAG.*

73. Os obreiros no mundo] No mundo os obreiros, *ANT, RAG.*

74. respetive] respeito, *ANT, RAG.*

75. de fame] cuase que de fame, *ANT, RAG.*

76. mármore] mármore, *ANT, RAG.*

77. no] do, *ANT, RAG.*

78. aínda conserva] conserva aínda, *ANT, RAG.*

79. coa] de, *ANT, RAG.*

80. téñense] téñenme, *ANT, RAG.*

foi unha besta. Disas que “sobre o ben e o mal consultan simplemente o código penal”.

O poeta non é ben asisado. Anda sempre pidindo unha calivera emprestada pra recita-lo monólogo de Hamlet, e aínda fai outras tolerías<sup>81</sup>.

O filántropo non fai nin di nada que mereza contarse. Sin diñeiro<sup>82</sup> ten mortas tódalas súas autividades.

Agora xa sei por qué o inglés tíñame tan grande estima. ¡Xa o vexo! Pideume emprestado o ollo; mais eu con moi aloumiñantes verbas e con moi boas razóns díxenlle que non llo emprestaba.

Debaixo dunha cruz de pau mal pintada con<sup>83</sup> ferruxe, repousa un esquelete que, según fala, foi tan desventurado no outro mundo como é felís neste.

—Eu era criada de servir —contoume—. Anque non era bonita tiña mocidade. Un día caíume un dente e certo demo de señorito, que andaba faguéndome as beiras, ofreceume cartos pra que fose ó dentista. Mireime no espello e axiña comprendín canto me afeaba aquel portelo na boca, e tanto esgaravellou o<sup>84</sup> señorito na miña tolería moza que deixei pór o dente...<sup>85</sup> ¡Ai!, aquel dente custoume un fillo; aquel fillo custoume o creto e canto tiña de boa moza. Caín a rolos e atopeime coa morte, sen saber o que era un traxe de seda nin un grollo de champán. Fea vivín, mallada e batida; agora podó durmir.

Ista sinxela lería deixoume amaiado.

Lémbrome que sendo eu rapaz chegou meu pai da América. O probe non trouxo máis que uns borceguíns vellos

81. outras tolerías] outras tolerías máis, *ANT, RAG*.

82. Sin diñeiro] Sen cartos, *ANT, RAG*.

83. con] de, *ANT, RAG*.

84. o] aquíl, *ANT, RAG*.

85. pór o dente] agarimar e puxéronme o dente, *ANT, RAG*.



O OITOCENTISTA

e un tarro amedeado de bicarbonato; viña enfermo e morreu axiña.

Sempre chorei o fracaso de meu pai que, na miña admiración de fillo, tíveno<sup>86</sup> polo máis bo, arriscado, intelixente e forte do mundo enteiro. Aquelas terras lonxanas que zugaron a vida do meu pai foron arreo maldecidas por min. Meu pai era dino de voltar san e millonario.

Onte no rueiro falábamos das nosas vidas e chegoume a vez de conta-la miña. Aínda non rematara de contala, cando un esquelete, dises esqueletes que parecen parvos, ergueuse coma un lóstrego e doume tan forte aperta<sup>87</sup> que me rompeu unha costela.

¡Era meu pai!

86. tíveno| tiven, *ANT*.

87. aperta| apreta, *ANT*, *RAG*.

Con certo esquelete que trouxo na cachola unha biblioteca enteira falo<sup>88</sup> de moitas cousas e de todas sabe moito o meu amigo. De todas sabe moito, menos do que é o humorismo.

Cando chegamos nas nosas conversas a tal punto, o meu amigo fai catro ou cinco funambulismos filosóficos, estudia o humorismo dos grandes humoristas, fuxen as horas e no remate de contas ficamos sen saber migalla do asunto. Ás veces parece que vai chegar á definición e de súpeto engadella máis o fio.

Un esquelete ten de sere humorista e un esquelete galego moito máis aínda. Un galego é sempre socarrón ou humorista e a socarronería é o humorismo dos incultos así como o humorismo é a socarronería dos cultos. Un esquelete galego que trouxo unha biblioteca na cachola debía definir o humorismo e non o define e según di non houbo ninguén que o definise aínda<sup>89</sup>.

Eu, que non trouxen máis de tres ou catro libros na cachola, pónolle exemplos<sup>90</sup> coma estes:

—Un rapaciño pequerrechiño escacha unha botella de aceite nas pedras da rúa e o probiño chora. Un home gordo dende a porta dunha tenda olla ó rapaz e rise. ¿Cal das dúas figuras lle interesa máis ó humorista?

—Pola porta dunha eirexa saen dous noivos acabados de se casaren<sup>91</sup>. A noiva —¡malpocada!— non pode tapar o que leva<sup>92</sup> de sete meses. Na porta da eirexa hai moita xente. Unha muller gorda abanea o bandullo coa risa<sup>93</sup>. Un home,

88. falo] falamos, *ANT*, *RAG*.

89. Non se debe esquecer que a maior parte da noveliña coincide coa conferencia *HDC* no seu apartado “Humorismo”. Nesta conferencia puntualízase a comunión do humorista galego coa sátira e a ironía.

90. exemplos] enxemplos, *ANT*, *RAG*.

91. de se casaren] de se casar, *ANT*, *RAG*.

92. o que leva] o inchazo, *ANT*.

93. Introdúcese a partir de aquí, en *ANT*, o texto seguinte: “Un home atafega a risa cun pano na boca. Unha muller torce o fuciño para rir de medio lado”.

que ten un libro debaixo do brazo, olla sereo a escea. Unha muller do pobo pon<sup>94</sup> a cara doída<sup>95</sup>. Outra muller, tamén do pobo, enruga o nariz e rosma polo baixo verba<sup>96</sup> coma ista: ¡sinvergonza! ¿Quen dista xente é humorista?

—Un médico cachea o bacilo de Koch<sup>97</sup> no esputo dun seu amigo e de súpeto ergue a testa, respira forte, acariña o microscopio e di sospirando: “¡Atopeino!”. ¿Pode sere humorista iste home?<sup>98</sup>

—Vestir un rapaciño de toureiro ou de militar no antroido, ¿pode sere humorismo?

—Direille... direille —contesta sempre o sabio esquelete—. E non me di nada.

Eu ben podía escribir algo<sup>99</sup> da Santa Compañía; mais o pobo galego ficaría sen un misterio nas longas noites<sup>100</sup> do inverno, cando o maxín ferve na cachola coma o caldo no pote. Non; eu calarei coma unha estoa.

O que “anda” cos mortos que perda a coor das meixelas, que enflaqueza e que morra. A Santa Compañía fai falla nas cociñas mornas ó redor da lareira, cando zoa o vento nas tebras da noite.

Hoxe meu pai, cun lagarto apreixado nas maus<sup>101</sup>, faloume diste xeito:

—Teño de ir ó San Andrés<sup>102</sup> de Teixido pra cumprir unha oferta que fixen e non cumplín en vida<sup>103</sup>. A miña ialma

94. pon] ten, *ANT, RAG*.

95. doída] triste, *ANT, RAG*.

96. verba] verbas, *ANT, RAG*.

97. No orixinal figura *Kock*. Alude ó microorganismo causante da tuberculose, descuberto por un médico alemán do mesmo nome.

98. humorista este home] este home humorista, *ANT, RAG*.


99. algo] algo sobor, *ANT, RAG*.

100. nas longas noites] nas noites, *ANT, RAG*.

101. maus] mans, *ANT, RAG*.

102. Teño de ir ó San Andrés] Teño que ir ó S. Andrés, *ANT, RAG*.

103. que fixen e non cumplín en vida] que fixen, *ANT*.



O POETA

ten de encarnar niste<sup>104</sup> lagarto e moito tempo tardarei<sup>105</sup> en voltar. Recomendóche que teñas conta da miña cova<sup>106</sup> e que de vez en cando botes unha ollada ó meu esquelete, pois teño un veciño coxo e pode roubarme unha perna.

Quixera estar soterrado nun cemiterio aldeán, no adro da eirexa... ¡Con que ledicia escoitaría nas mañáns ledas do domingo as conversas dos feligreses! Niste cemiterio de cibdade as xentes non veñen máis que a falar dos mortos, ¡e cantas parvadas din...! Logo, meus compañeiros, afeitos ás regalías do outro mundo ou fracasados na vida, non fan máis que laiárense polo que perderon ou polo que non conqueriron<sup>107</sup>.

104. ten de encarnar niste| ten que encarnar niste, *ANT, RAG*.

105. e moito tempo tardarei| e moito tardarei, *ANT, RAG*.

106. teñas conta da miña cova| non deixes de ollo a miña cova, *ANT, RAG*.

107. Todo este parágrafo non figura en *ANT, RAG*.

Dende fai tempo veño reparando que un home de carne e óso sae dunha cova<sup>108</sup>, gabea pola parede do cemiterio e foxe cara á cibdade. De alí a dúas ou tres horas volta pra o cemiterio ensumíndose nun decir amén debaixo da terra. A primeira vez que tal<sup>109</sup> reparei non quería dar creto ó meu ollo; mais o caso repiteuse moitas veces<sup>110</sup> arreo.

Unha noite púxenme ó axexo agardando que xurdise da terra e fun detrás dil. Correr corría o condanado; mais eu, escorréndome polas sombras dos muros, non quitei o ollo de enriba dil. Chegou ó burgo máis probe da cibdade e parouse diante dunha chouza entrando dispois nela por unha rendixa da porta. Eu rubin ó tellado e saltei á horta<sup>111</sup> que daba detrás da chouza, e por un buraquíño puden fitar a escea máis arrepiante que poidera maxinarse. Unha lampariña de aceite alumbeaba mornamente a cariña fraca i encoveirada dunha rapaza que durmía nun leito misérrimo. O pantasma chegouse a ela i estivo unha chea de tempo cos beizos pousados no pescozo da rapaza.

Cando se ergueu tiña a boca ourelada de roxo, namentras no pescozo da rapaza corría un fío de sangue e na pele da súa cariña fraca arrufiaba a brancura da morte.

Aquel pantasma era un vampiro<sup>112</sup>.

No seguinte día o pantasma chuchou o derradeiro sangue que podía dar a probe rapaza. Cando aínda estaba quente a derradeira badalada das doce horas<sup>113</sup> no campario da eirexa, ouvearon os cans ventando a morte.

O vampiro sigueu chuchando o sangue de máis vítimas, que iñan morrendo coma as lámparas de aceite chuchadas polos morcegos.

108. cova] *camp*, *ANT*.

109. tal] *en tal*, *ANT*, *RAG*.

110. veces] *noites*, *ANT*, *RAG*.

111. horta] *lurta* (*sic*), *ANT*, *RAG*.

112. Os debuxos copiados dos cadros *A caída dos anxos* de Brueghel, e que aparecen no *Diario* de 1921 (p. 184), inspiran o debuxo de "o vampiro".

113. a derradeira badalada das doce horas] a badalada da unha, *ANT*, *RAG*.

Quixen saber quen fora o vampiro no mundo dos homes e fun ler o seu nome de bronce no rico mármore da campa. O nome só abondoume: fora un canalla que roubaba pra dar regalía ó seu bandullo de porco; dono da xusticia, roubaba dende a súa confortábel casa<sup>114</sup>. ¿Pra que decir máis? Era... ¡era un cacique!<sup>115</sup>

Eu quería atopar maneira de darlle morte ó vampiro. Busca por eiquí, cachea por acolá... non poden abranguer nos currunchos do maxín unha boa ñorma pra matalo, e quixen falar co esquelete que trouxo unha biblioteca na cachola pra ver se me daba luces a súa conversa.

—No vampirismo cren moitos pobos e hai moitas probas xudiciaes de aparicións de pantasma que chuchaban sangue de persoas<sup>116</sup>; mais eu coído que non debe dárselle<sup>117</sup> creto a semellantes contos. Fuxiron os tempos en que o verdugo queimaba os cadavres sospeitosos de vampirismo e hoxe non se permitiría en ningures<sup>118</sup> espetar unha estaca no curazón dun cadavre<sup>119</sup>.

O meu amigo, cheo de cencia oficial, moqueábase das xentes sinxelas que cren nos vampiros. Eu gardei o meu segredo pra non pasar por parvo e seguín preguntando soler-miñamente:

—¿E hai sabios no mundo que cren no vampirismo?

—Hainos. A fundadora da Teosofía<sup>120</sup> fala de iso e conta moitos feitos<sup>121</sup>. Se mal non me lembro acolle a eisplicación

114. a súa confortábel casa] a confortábel casa, *ANT*, *RAG*.

115. Era... ¡era un cacique!] ¡Era un cacique!, *ANT*, *RAG*.

116. chuchaban sangue de persoas] chuchan sangue das persoas, *ANT*, *RAG*.

117. coído que non debe dárselle] penso que non se debe dar, *ANT*, *RAG*.

118. en ningures] en ningún país, *ANT*, *RAG*.

119. dun cadavre] de ningún cadavre, *ANT*, *RAG*.

120. Refírese a E. P. Blavatzki. Esta doutrina foi fundada en 1875 coa pre-tensión de constituír unha síntese científica das relixións, pero derivou cara ó espiritismo e ocultismo, de aí o descrédito en que caeu.

121. feitos] feitos desta clas, *ANT*, *RAG*.





O VAMPIRO

do fenómeno por causas físicas. Cando un morto aparente<sup>122</sup> estivo moi apegado á materia e foi na vida un malvado, o corpo astral, envolto no dobre etéreo, sae da sepultura con obxeto de manter ó corpo físico<sup>123</sup> con sangue que chucha nas persoas vivas, e desta maneira perpetúase o estado cata-léptico do soterrado<sup>124</sup>. O corpo astral comunica o sangue dun xeito aínda descoñecido; mais agardan que calquera día sexa eisplicado polas ciencias psicolóxicas<sup>125</sup>.

122. Se mal non me lembro acolle a eisplicación do fenómeno por causas físicas. Cando un morto aparente] No seu libro *Isis sin velo* de sona universal, acolle a eisplicación do fenómeno por causas físicas, anque descoñecidas, que empregou a escola hipnótica do francés Pierart. Según esta escola cando un morto aparente, *ANT, RAG*.

123. ó corpo físico] ó físico, *ANT, RAG*.

124. soterrado] sepultado, *ANT, RAG*.

125. dun xeito aínda descoñecido; mais agardan que calquera día sexa eisplicado polas ciencias psicolóxicas] por un medio que aínda non se coñece; pero esperan que algún día o espliquen as ciencias psicolóxicas, *ANT, RAG*.

—¿E vostede nin tan siquera ten dúbidas?

—Eu, que son home ben asisado, non creo; anque, de certo, fanme cavilar certas cousas, como son as mortes aparentes e o feito de habérense atopado cadavres que aínda tiñan as carnes moles, os ollos abertos, o coiro sonrosado, a boca e o nariz cheos de sangue fresco<sup>126</sup>, que tamén xurdía das feridas que, por asesinato ou por axusticiamento, lles<sup>127</sup> produxeran a morre. Tal contan vellos documentos<sup>128</sup>.

—¿E de que maneira podería dárselle morte<sup>129</sup> ó vampiro?

—Pois... para arredar<sup>130</sup> o corpo astral do físico non hai outro remedio<sup>131</sup> que queima-lo cadavre.

Non quixen saber máis. Afasteime da miña biblioteca e fun pensando pra os meus adentros: “Vampiros hainos; pois logo, polo si ou polo non, debían queimarse<sup>132</sup> a tódolos caciques. Os caciques son capaces de facérense os mortos pra seguir vivindo a conta dos malpocados”.

FIN<sup>133</sup>

126. sangue fresco] sangue, *ANT*, *RAG*.

127. lles] lle, *ANT*, *RAG*.

128. Tal contan vellos documentos] *falta en ANT*, *RAG*.

129. podería dárselle morte] se pode matar, *ANT*, *RAG*.

130. arredar] separar, *ANT*, *RAG*.

131. outro remedio] máis remedio, *ANT*, *RAG*.

132. queimarse] queimar, *ANT*, *RAG*.

133. *Fin de ANT*.

**L**euror:

Xa que liches as memorias do esquelete soterrado nun cemiterio de cibdade e xa que te regalaches deprendendo cousas do Alén que non sabías, ben podes escoitarme un anaquiño a min e pra rematar axiña.

Unha cousa que fixen con premeditación e nouturnidade podería levarme á cadea habendo testigos; mais eu asegúroche que non foi por mal. Atende.

Co ollo de vidro mercado ó enterrador de cibdade pillei o camiño da parroquia de Tal e alí, no adro da eirexa e axudado por un home valente, pasada medeanoite, abrín a sepultura onde repousa pra sempre xamais un amigo meu. ¡Medo papeino!

O meu amigo foi rapaz de grande intelixencia e dun espírito superior a toda louvanza. Estudeamos xuntos na vella Compostela e a gripe escamoteouno da miña vista. Como derradeira proba de fonda amizade quixen faguerlle regalo do ollo de vidro. ¡Dispois de todo eu non o quería pra nada...!

Abrimos a tapa da caixa ben a modiño pra non escangalla-lo esquelete. Ouh, leutor: meu amigo conservaba o seu traxe e os seus zapatos novos, proba de que o enterrador de aldea é mellor cristiano que o seu colega da cibdade.

Na cunca dereita da súa calivera pousei o ollo de vidro, riba das súas maus pousei un bloque de papel mais un lápiz. E arrechegándome ó buraco do ouvido, díxenlle así:

—Querido Pedro: Velaí che deixo un ollo de vidro pra que vexas, papel e lápiz pra que escribas. Serás o rei niste cimiterio; mais eu prégoche que non te fagas cacique. Pasados algúns meses virei recoller canto ti escribas. Perdóname, amantiño, que non che dea un bico. Adeus e deica logo.

Se canto escriba o meu amigo é dino de intrés asegúroche que será publicado pra que compares e vexas que non é o mesmo ser soterrado no adro dunha eirexa que nun cimiterio de cibdade.

Regálate como poidas, leutor, e non che digo máis.

Alfonso R. Castelao

